Velociraptor

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

Velociraptor (lat. "ladrón veloz"), é un xénero de dinosauros terópodos dromeosáuridos que viviron durante o Campaniano, cara a finais do período Cretáceo, hai uns 70 a 65 millóns de anos. Aínda que hai só unha especie recoñecida, V. mongoliensis, outras foron nomeadas no pasado. Acháronse fósiles desta especie en Asia Central, en Mongolia e China.

Aínda que máis pequeno que outros dromeosáuridos tiña moitos trazos anatómicos similares a eles. Foi un carnívoro bípede, cunha cola longa e ríxida, e tres garras, unha alargada e curva en cada pata, a cal usaba para matar ás súas presas. A diferenza doutros posuía un cranio baixo e alargado, e un fociño chato, dirixido cara arriba. Posuía patas traseiras de gran lonxitude, o que expresa (do mesmo xeito que o nome) a súa aparente gran velocidade.

Debido á súa destacada aparición na novela de Michael Crichton *Parque Xurásico*, o *Velociraptor* (comunmente alcumado "raptor") é un dos xéneros de dinosauros máis coñecidos polo público xeral. Tamén é ben coñecido polos paleontólogos, con non menos dunha ducia de esqueletos fósiles recobrados, a maior cantidade descuberta dun dromeosáurido. Unha imaxe particularmente famosa é a que mostra un *Velociraptor* enleado nunha batalla cun *Protoceratops*.

Este artigo sobre zooloxía é, polo de agora, só un bosquexo. Traballa nel (https://gl.wikipedia.org/w/index.php?title=Velociraptor&action=edit) para axudar a contribuír a que a Galipedia mellore e medre.
Existen igualmente outros artigos relacionados con este tema nos que tamén podes contribuír.

Velociraptor
Rango fósil: Cretáceo

Recreación do esqueleto de *Velociraptor mongoliensis*

Clasificación científica

Reino:	Animalia
Filo:	Chordata
Clase:	Sauropsida
Superorde:	Dinosauria
Orde:	Saurischia
Suborde:	Theropoda
Familia:	Dromaeosauridae
Xénero:	***Velociraptor"*** Osborn, 1924

Especies

- ***V. mongoliensis*** Osborn, 1924 (especie tipo)
- ***V. osmolskae*** Godefroit *et al.*, 2008

Traído desde "https://gl.wikipedia.org/w/index.php?title=Velociraptor&oldid=5009248"

A última edición desta páxina foi o 9 de decembro de 2018 ás 17:41.

Todo o texto está dispoñible baixo a licenza Creative Commons recoñecemento compartir igual 3.0; pódense aplicar termos adicionais. Consulte os termos de uso para obter máis información.
Wikipedia® é unha marca rexistrada da Wikimedia Foundation, Inc., unha organización sen fins lucrativos.